O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, a prol do cumprimento da lei de igualdade no eido do Ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 25 de novembro recordamos o día contra a violencia machista, unha violencia que ten as súas raíces na desigualdade entre homes e mulleres, e contra as cales as Administracións Públicas deben asumir a súa responsabilidade.

O principio de igualdade tradúcese no eido educativo como coeducación. Coeducar é educar ás persoas dende a igualdade de valores e a marxe de que sexan nenas ou nenos.

Na base da desigualdade atópase o androcentrismo que supón a división do mundo en dúas clases moi ben estruturadas: a masculina de dominio e a feminina de submisión.

Na base da igualdade está o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidade entre mulleres e homes. En Marea cremos que a coeducación transversal debera estar presente en todas as materias e etapas; que se debera recoñecer as contribucións das mulleres ás ciencias, á historia e ás artes. Que se debera prestar especial atención á formación en igualdade e contra as violencias machistas nos plans de formación do profesorado.



Que di ao respecto a Lei Galega de Igualdade?

En política educativa a Administración garantizará a integración activa do principio de igualdade evitando comportamentos sexistas e os estereotipos sociais asociados.

Título I cap I da Lei Galega de Igualdade.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crezas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa o indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos o de una imaxe de dominación de un sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

Na anterior lexislatura, en marzo de 2013 O TSXG fixo valer os preceptos da vixente Lei Orgánica de Educación para invalidar o financiamento público de prazas en cinco colexios promovidos pola empresa Fomento de Centros de Ensinanza, ligada ao Opus Dei, e o restante, Aloya, pertence á conservadora Asociación Fontenova. Ambas entidades decidiron interpoñer un recurso de casación ante o Tribunal Supremo contra a sentenza do TSXG, recurso que cinco meses despois lle serviu á Xunta como xustificación para non retirarlles os fondos públicos e publicou unha orde para seguir inxectando cartos nestes centros ata 2017.

A decisión, foi valorada por STEG: "evidencia a liña educativa deste Goberno, que non ten reparos en reducir centos de postos de traballo, investimentos en recursos, libros de texto ou facer pagar para poder comer nos comedores escolares no ensino público co argumento da crise, nin en adicar 3 millóns de euros de todas e todos, para subvencionar a unha empresa educativa contraria ao espírito da coeducación"

A xuízo do TSXG a retirada dos concertos "**respecta a liberdade de educación así como a libre elección de centro por parte dos pais**", tamén "a liberdade de creación" deste tipo de colexios "por quen adopte un ideario que opte pola educación diferenciada por razón de sexo". Pero esa liberdade, vén dicir o tribunal, non pode estar por riba "dos principios e regras vixentes, que no caso analizado revisten carácter orgánico por partida dobre", tanto polos preceptos da LOE como polo estipulado na Lei de Igualdade do ano 2007.

O que para a Xustiza é incumprir a lei vixente para o Goberno galego non é máis que "educación diferenciada" e por iso seguiu a concertar aulas.

Os fondos públicos non deben subvencionar o ensino do alumnado ás familias que optan pola escolarización segregada.

A LOMCE (2012) ou "Lei de Wert" non ten ningunha consideración polas novas tendencias educativas nin as necesidades sociais.

Suprimíuse a Educación para a Cidadanía e substituíuse pola asignatura Educación Cívica e Constitucional, que en palabras do propio Wert, está libre «de cuestións controvertidas» e borrou do plan de estudos aspectos como a homosexualidade ou a visión crítica de xénero.

Necesítase formación especializada nos centros escolares para a prevención das violencias machistas, dirixida tanto ao profesorado como ao alumnado, desenvolvendo campañas de sensibilización dirixidas a activar á poboación fronte as violencias machistas, facendo especial fincapé na comunicación coa poboación máis moza.

A LOMCE propón iniciativas parciais, facendo depender a formación en igualdade dunha materia exclusivamente, desbotando calquera outra iniciativa



de carácter transversal. Igualmente é importante apoiar con formación e recursos á atención á diversidade afectivo-sexual, prevendo situacións de acoso ou marxinalidade.

A LOMCE permite aos centros que segregan polo sexo. A Conferencia Episcopal contribuíu ao desenvolvemento desta lei, participando activamente na súa redacción e conseguindo que a asignatura de Relixión contabilice dentro da nota media do alumnado.

A LOMCE é unha lei centralista e reduce as competencias das Comunidades Autónomas en materia de educación.

As escasas referencias da igualdade

1.- A educación de calidade como soporte da igualdade e a xustiza social.

Non é imaxinable un sistema educativo de calidade no que non sexa unha prioridade eliminar calquera indicio de desigualdade.

2. Un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

3. O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

4. En ningún caso a elección da educación diferenciada por sexos poderá implicar para as familias, alumnos e alumnas e centros correspondentes un trato menos favorable, nin unha desvantaxe, á hora de subscribir concertos coas Administracións educativas ou en calquera outro aspecto. A estes efectos, os centros deberán expoñer no seu proxecto educativo as razóns educativas



da elección do devandito sistema, así como as medidas académicas que desenvolven para favorecer a igualdade.»

5. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento conforme á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

6.- Competencia do consello escolar: Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

No currículo das diferentes etapas da Educación Básica terase en consideración a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e dos valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos, que debe incluír en todo caso a prevención da violencia de xénero.

Por todo iso, e mentres que non se eliminan todos os concertos educativos de xeito que o diñeiro público se destine, exclusivamente a financiar escolas públicas, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate en Pleno.



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Posto que os concertos se renovan cada catro anos, sendo 2017 o ano no que se renovarán, que non se financie con diñeiro público ningún centro que segregue ó alumnado por razón de sexo.
2. Cumprir a Lei Orgánica de Igualdade L.O. 3/2007 e DL galego 2/205 decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/11/2016 18:33:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/11/2016 18:33:20

Luis Villares Naveira na data 24/11/2016 18:33:27

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, a prol do cumprimento da lei de igualdade no eido da cultura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 25 de novembro recordamos o día contra a violencia machista, unha violencia que ten as súas raíces na desigualdade entre homes e mulleres, e contra as cales as Administracións Públicas deben asumir a súa responsabilidade.

A cultura non é allea a esta fenda da desigualdade, antes ben, todo o contrario. Hai xa décadas que son máis mulleres que homes entre as persoas licenciadas na maioría de carreiras universitarias, e especialmente en artes e humanidades. Con todo, esas licenciadas non obteñen os postos de responsabilidade nin as recompensas materiais e simbólicas que a súa formación, o seu talento e o seu esforzo merecen. A experiencia demostra que cando se aplican criterios obxectivos, as mulleres obteñen resultados iguais ou mellores que os homes. Pero no mundo da cultura a promoción baséase con frecuencia en procesos pouco ou nada transparentes, que favorecen a inercia e o corporativismo masculino. Así se dá o paradoxo de que o sector da ciencia e a cultura, que debería favorecer a liberdade e creatividade individuais sen prexuízos de xénero nin de ningún outro tipo, é un dos máis desiguais da nosa sociedade. Son múltiples os exemplos, e basta botar unha ollada ás persoas homenaxeadas o día das Letras Galegas (só en tres ocasións recoñeceron a



obra de literatas) ou ós Premios Mestre Mateo (só unha muller ten sido premiada como mellor directora) cada ano para comprobar a desigualdade enorme no recoñecemento entre homes e mulleres que se adican á cultura. Fixémonos por exemplo nos datos do audiovisual: onde só o sete por cen dos directores, o quince por cento dos produtores e o dez por cen dos guionistas son mulleres. Do mesmo xeito, só o 20 por cento das personaxes no cinema son femininas, mentres que no teatro só o 25 por cento son concibidos para actrices. Ademais, o xeito de representar as mulleres segue a responder “maioritariamente” ós estereotipos machistas, feito que seguramente debemos relacionar coa escaseza de directoras quen supoñen só o sete por cento no audiovisual e dramaturgas, que supoñen o cinco por cento do total.

Xa a lei de igualdade de 2007 foi sensible a esta situación, recollendo no seu artigo 26 a necesidade de garantir a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual.

Dito artigo establece que as autoridades velarán por facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todo o concernente á creación e produción artística e intelectual e á difusión da mesma. Para o cal se establece que se adoptarán iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa mediante políticas activas que promovan a presenza equilibrada de mulleres e homes na oferta artística e cultural pública.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Cumprir a lei de igualdade no referido ó artigo 26 acerca da igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual.
2. Desenvolver medidas que liguen a percepción de axudas públicas culturais á presenza igualitaria de mulleres.



Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/11/2016 18:51:00

Luca Chao Pérez na data 24/11/2016 18:51:05

Luis Villares Naveira na data 24/11/2016 18:51:11

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Dende 2009 este grupo parlamentario vén denunciando a inacción da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no mantemento e rehabilitación da muralla de Lugo, unha das grandes xoias do patrimonio cultural de Galicia.

Ata para conseguir que realizaran un mantemento mínimo de limpeza do monumento tivemos que levar múltiples iniciativas tanto á Comisión de Cultura como ao Pleno do Parlamento de Galicia. As nosas protestas sumáronse as do Concello de Lugo e as dos veciños e veciñas.

Esta falta de acción da Consellería de Cultura está a pasar factura á muralla. Así son visibles, a simple vista, grandes gretas en varios cubos da muralla e tamén é evidente o seu claro estado de deterioro, o que presenta un perigo evidente para a súa conservación. Hai expertos que non descartan que se podan producir derrubas dos cubos como ten sucedido no pasado. Todo froito dunha falta de atención da Xunta de Galicia que ten as competencias sobre este patrimonio da Humanidade.

Parece evidente que a Xunta de Galicia non ten un estudo integral do estado e das necesidades da muralla. Limítase, no mellor dos casos, a poñer parches e atender as urxencias máis graves pero traballando desta maneira o deterioro da muralla continuará.

É necesario poñer en marcha un programa de conservación integral que teña moi claro as necesidades do monumento, o cronograma de actuacións e os orzamentos adecuados.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar, nun prazo máximo dun ano, un plan de conservación integral da muralla de Lugo con indicacións claras e exhaustivas das accións de mantemento, consolidación e rehabilitación necesarias, así como o cronograma de actuación e de investimentos.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/11/2016 10:40:16

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 25/11/2016 10:40:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2016 10:40:32

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, referida ao fomento, visibilización e posta en valor do traballo das mulleres na pesca e o marisqueo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos de EUROSTAT, as mulleres representaban o 12 % do emprego na pesca e a acuicultura no 2012 (Unión Europea 27 mais Croacia), sendo o 28% do emprego total na acuicultura e o 57 % na transformación. Mentres, o emprego feminino na pesca (captura) movíase entre o 1% e o 2% segundo os países.

As mulleres desenvolven un destacado papel en todas as actividades da pesca e da acuicultura. Pero esta enorme achega ao sector non foi recoñecido historicamente na súa xusta medida.

Por iso é imprescindible avanzar na igualdade e no recoñecemento dos dereitos laborais das mulleres. Queda moito traballo para conseguir unha plena integración, e é por iso que tanto as administracións, entidades corporativas e empresas vinculadas á pesca deben apoiar o cumprimento deste obxectivo.

É necesario poñer de manifesto a importancia do papel económico, social e cultural das mulleres na industria pesqueira para que teñan acceso aos beneficios sociais. A participación activa das mulleres nas distintas actividades relacionadas



coa pesca contribúe ao mantemento e supervivencia do sector pesqueiro, por unha banda, e, por outra, das prácticas específicas máis sustentables.

Débase conceder un maior recoñecemento xurídico e social e unha maior recompensa ao papel que desempeñan as mulleres no sector pesqueiro, e os mesmos dereitos que os homes.

Moi en concreto, e dado que o capital das empresas pesqueiras está constituído cada vez máis por títulos inmateriais, como os dereitos ou oportunidades de pesca, que a miúdo se asignan nominalmente ao pescador ou ben ao barco que poucas veces se declara en copropiedade entre os membros do matrimonio, é necesario recoñecer a contribución na empresa ás mulleres e parellas de feito para que non se vexan a privadas de dereitos sobre o valor do equipo de produción en caso de divorcio ou falecemento da súa parella.

É necesario fomentar e reforzar a participación efectiva das mulleres nos órganos consultivos, decisorios e representativos, así como nas confrarías, garantindo o súa participación na toma de decisións tanto no sector público como privado en igualdade de condicións cos homes.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é a Política Europea Común aspiran a promover o papel das mulleres e a igualdade de xénero no sector da pesca. Pero iso non será posible sen a implicación activa das autoridades rexionais con competencias na materia, expondo a igualdade de xénero, como tal, nos obxectivos dos programas operativos.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que realizar accións en favor dos dereitos e para mellorar a integración das mulleres



na pesca e o marisqueo. A este fin, **En Marea** presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Garantir ás mulleres o acceso aos beneficios derivados da asignación de dereitos de pesca, ademais da propiedade do barco.

- Mellorar a calidade das estatísticas galegas en materia de emprego das mulleres, para poder identificar mellor o lugar que ocupan no sector pesqueiro (captura, acuicultura e industria da transformación). Introducendo nos estudos do sector indicadores sociais que permitan cuantificar a contribución dos membros non remunerados das familias de pescadores na actividade da empresa.

- Apoiar, a través dos Fondos Estruturais Europeos, ás mulleres e organizacións de mulleres que desexen agruparse nunha rede.

- Facilitar o acceso das mulleres e as súas organizacións ás estruturas e procesos de toma de decisións en relación co sector da pesca, tanto as de proximidade como as confrarías, como ás dependentes de iniciativas da UE.

- Fomentar a adaptabilidade dos buques para acoller a tripulacións mixtas, debido aos espazos reducidos de convivencia. Necesitándose un maior apoio das administracións para que os empresarios poidan acometer as reformas necesarias.

- Reforzar e facilitar con políticas activas a incorporación das mulleres no proceso formativo do sector pesqueiro para aumentar dita participación. Promovendo cursos do sector dirixidos expresamente ao sector feminino, como o curso de mariñeiro-pescador.



- Implantar programas e normativas que favorezan a inserción da muller e programas de igualdade de xénero para as tripulacións.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do GP de En Marea
Luís Villares Naveira
Portavoz do GP. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 25/11/2016 10:18:25

Luis Villares Naveira na data 25/11/2016 10:18:45

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A pobreza laboral e a desigualdade xa son unha realidade no mercado de traballo en Galicia e no resto do Estado.

O aumento da contratación temporal e a tempo parcial está provocando un profundo deterioro salarial nos tramos de ingresos máis baixos.

Este tipo de traballo precario en activades de baixo valor engadido é o culpable, en grande medida, da volta da triste figura do traballador pobre, algo que xa deixáramos atrás no tempo escuro da ditadura pero que volveu ser unha realidade ominosa nunha sociedade democrática.

É certo que a determinación dos salarios deriva tanto da estrutura económica, sectorial e empresarial dun país e tamén da responsabilidade dos empresarios e os sindicatos que son os que os negocian. Pero tamén o é que os poderes públicos ten un instrumento de enorme potencial para evitar a situación de pobreza laboral: o Salario Mínimo Interprofesional.

A día de hoxe o SMI é de 655,20 €, unha cantidade moi baixa, que non se corresponde co nivel económico de España, e que coloca a que o cobra moi próximo ao umbral da pobreza.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de galego insta a Xunta de Galicia a apoiar a Proposición de lei que se está tramitando no Congreso dos Deputados que inclúe a subida do salario mínimo interprofesional a 800 € mensuais en 2018 para chegar ata 950 € mensuais en 2020.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2016.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputado e portavoz do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 25/11/2016 12:40:18

Luis Villares Naveira na data 25/11/2016 12:40:25

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Necesitamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia.

E neste senso, a Xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno da Xunta de Galicia ten discriminado orzamentariamente ano tras ano.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a lei de 2004. Non obstante, e pese ao incremento dun 5,9 % de denuncias no primeiro semestre de 2016, en Galicia só hai 2 xulgados específicos de Violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña. Nestes días soubemos que, segundo anuncio conxunto do vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda e do presidente do Tribunal Superior de Xustiza Galicia, teremos cinco novas prazas xudiciais no primeiro trimestre de 2017; ningunha para a loita contra a violencia de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado:

1. Que se incremente o número de xulgados especializados en Violencia de Xénero en Galicia (nas principais cidades da Comunidade Autónoma), así como poñer en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento mais seguros no seu recorrido xudicial.
2. Que o Ministerio de Justicia acorde a creación de novos xulgados de Violencia contra a Muller para Galicia en 2017.
3. Que se leven a cabo, de maneira inmediata, as reformas necesarias nas dependencias xudiciais, habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores e, tamén de maneira inmediata, se dote de persoal necesario a estes xulgados.
4. Se incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da Xustiza en Galicia.

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/11/2016 14:18:52

María Luisa Pierres López na data 25/11/2016 14:18:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/11/2016 14:19:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/11/2016 14:19:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2016 14:19:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados e deputadas **Paula Quinteiro Araujo, David Rodríguez Estévez, Marcos Cal Ogando e Paula Vázquez Verao**, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A violencias machistas, no caso do medio rural, presentan características específicas que inciden en moitas ocasións nunha maior indefensión das mulleres que as sofren e, polo tanto, requiren tamén dunha atención específica para afrontar e saír destas situacións.

O illamento é unha delas. Coa dispersión que caracteriza a distribución da poboación polo territorio do rural no noso país, moitas mulleres viven en núcleos de poboación illados e con dificultade de acceso. O simple feito de vivir no rural, supón en moitos casos, carecer de servizos básicos dos que gozaría se vivise nun centro urbano.

En moitas ocasións, as mulleres vítimas de violencia machista, non teñen outros contacto durante días que o seu agresor ou o seu círculo familiar máis próximo. O illamento, no caso de violencia machista, supón un agravante e causa unha gran indefensión ás mulleres.

Ademais, a denuncia ou o asesoramento previo tórnanse máis difíciles no caso de pequenos núcleos de poboación nun contorno no que a maioría das persoas se coñecen. Por iso resulta moi complexo para unha muller vítima de violencia machista achegarse a denunciar á Garda Civil porque pode darse o caso de que



sexan familiares ou veciños do propio agresor. Debido a esta situación resulta moito máis difícil dar o paso de denunciar ao seu agresor para unha muller do rural.

A política de recortes que está a practicar a Xunta de Galicia ten incidido no desmantelamento de moitos servizos público e, polo tanto, tamén da atención ás mulleres nas zonas rurais. En moitos casos non dispoñen no seu concello de ningún Centro de Información ás Mulleres ou non contan con asesoramento de ningún tipo para apoialas en situacións de violencia.

Ter de profesión a agricultura, ademais, supón afondar aínda máis na fenda da desigualdade laboral e de dereitos, o que ten as súas repercusións loxicamente no agravamento da violencia. A dependencia económica das mulleres labregas xenera outra forma de violencia machista: a violencia económica.

As solucións deben vir dende a prevención a través do labor educativo ou de fornecer con medios suficientes ás autoridades para que protexan efectivamente as vítimas; até campañas de concienciación e sensibilización especialmente orientadas as mulleres rurais.

Dende En Marea esiximos á Xunta medidas, recursos e un serio compromiso coa situación das mulleres do mundo rural galego. A este fin presentamos esta Proposición non de lei para o se debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia para:

1. Fornecedor cursos de formación sobre temas vinculados o empoderamento e implementar campañas de sensibilización e concienciación orientadas especificamente ás mulleres rurais.



2. Poñer os medios e recursos suficientes para mellorar a atención ás mulleres vítimas de violencias machistas no medio rural e evitar situación de illamento.
3. Incrementar o número de Centros de Información á Muller, de xeito que poida acadarse o obxectivo de dispoñer dun como mínimo en cada concello de Galicia, para cubrir as necesidades de asesoramento e apoio das mulleres que sofren violencias machistas no rural .

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2016 10:41:22

David Rodríguez Estévez na data 28/11/2016 10:41:33

Marcos Cal Ogando na data 28/11/2016 10:41:41



Paula Vázquez Verao na data 28/11/2016 10:41:50

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 10:41:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Abegondo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2000 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tombou as normas subsidiarias do PXOM de Abegondo. Agora, vén de anular todo o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado en setembro de 2012. A sentenza dá a razón á plataforma de afectados polo plan xeral ao estimar case que todos os argumentos esgrimidos polo colectivo. Ademais do concello, tamén figura como demandada a Xunta de Galicia por ter aprobado o plan.

Aínda que entrou no fondo de todos os argumentos da plataforma, para o Tribunal xa habería motivos suficientes para anular o plan só con estimar as alegacións da plataforma contra o exceso na previsión de vivendas e o plan económico. O Tribunal considera desproporcionada a previsión de 2.622 vivendas para un municipio que non chega aos 6.000 habitantes e que en conxunto perde poboación desde hai anos. O perito xudicial destacou que a previsión de Abegondo suporía triplicar a poboación no horizonte de 16 anos.

A importancia desta sentenza radica en que é a primeira en Galicia que anula un plan urbano por un inxustificado incremento das vivendas.



O Tribunal di que se se acepta que é excesiva a previsión de vivendas, xa non se sostén o estudo económico financeiro de todo o plan porque están intimamente relacionados. O propio interventor municipal, nun informe de 2010, revelaba que gran parte da sustentabilidade económica do PXOM se apoiaba na tradución económica das actuacións urbanísticas previstas en relación con dito incremento de vivendas. É dicir, que o Concello baseaba nos ingresos que prevía pola construción, a forma de costear os proxectos e infraestruturas que prevía o plan.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a :

- 1.- Desistir no seu recurso de casación presentado contra da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 14 de abril de 2016, pola que se anulou o PXOM de Abegondo.
- 2.- Aplicar e tomar en consideración os fundamentos xurídicos de dita sentenza, en especial no referido á sostenibilidade e coherencia, territorial, demográfica e económica, das previsións de crecemento, e en relación cos informes a emitir pola Xunta de Galicia ou para a resolución de aprobación dos instrumentos de planeamento.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Portavoz s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/11/2016 11:02:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 11:32
Nº Rexistro: 1679
Data envío: 28/11/2016 11:32:56.590

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No ano 2005 a Mesa polas infraestruturas M4 da que formaban parte o concello de Pontevedra, a Xunta de Galiza, o Ministerio de Fomento e a Deputación Provincial de Pontevedra incluíron a variante de Alba entre as necesidades de mobilidade do concello de Pontevedra. Posteriormente, no ano 2009, a Xunta de Galiza incluíu esta infraestrutura na Plan Move (Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica), con un orzamento estimado de 575.000 euros.

2. No mes de xuño do 2012, a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou á consultora Enxeñería do Noroeste a redacción do proxecto de trazado e de impacto ambiental por 58.650 euros e un prazo de execución de seis meses. A finais dese ano transcendeu publicamente que a Xunta dispoñía de todas as alternativas de trazado posíbeis e que traballaba na elaboración dun estudo de tráfico para elixir a solución definitiva.

Así mesmo, nunha nota informativa da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, datada en xuño de 2012, asegurábase que o proxecto estaría rematado antes do final do ano 2012.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 11:32
Nº Rexistro: 1679
Data envío: 28/11/2016 11:32:56.590

3. No mes de maio de 2013 a administración autonómica comezou o procedemento de consultas ambientais, e no ano 2014 fíxose público o orzamento, que ascendía a 6.930.000 euros. O vial, denominado oficialmente "conexión norte de Pontevedra: PO-531-N-550" tería 850 m de lonxitude, dous carrís en cada sentido e unha mediana central de 1 m. Cabe sinalar a este respecto, que a Xunta non informou en ningún momento ao concello de Pontevedra sobre o trazado e características do vial, e que o concello de Pontevedra defende unha alternativa de vial de dous carrís -ampliábel no futuro-, que sería considerabelmente máis barata e tería un menor impacto na contorna.

4. Desde o ano 2014 até a actualidade non se coñece ningún trámite administrativo nin ningunha decisión política para aprobar e executar un proxecto que quedou gardado no caixón das promesas repetidas e incumpridas dos gobernos do sr. Feijoo.

5. A execución deste vial é unha obra de vital importancia para a mellora da mobilidade na zona norte do concello de Pontevedra, xa que:

- Permitiría contar con unha conexión directa e coas condicións técnicas acaídas para conectar as estradas de Vilagarcía e Santiago.

- Posibilitaría o desvío ao norte da cidade de unha grande cantidade de vehículos pesados que actualmente atravesan a cidade polas rúas Domingo Fontán, Xoán Manuel Pintos e Avenida de Compostela

- Evitaría os accidentes que se producen na ponte do ferrocarril da estrada PO 225 debido ao seu gálibo.

- Permitiría darlle outro uso á estrada P0 225 e resolver os problemas de mobilidade accesibilidade e seguranza peonil e clclista en todo o seu trazado, e



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 11:32
Nº Rexistro: 1679
Data envío: 28/11/2016 11:32:56.590

especialmente nun treito á altura de San Caetano polo que discorre o camiño Portugués e que é extremadamente perigoso.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a axilizar e impulsar a construción da conexión norte de Pontevedra: PO-531/N-550 (Variante de Alba) mediante as seguintes medidas:

- Aprobación definitiva do proxecto, previa consulta coas administracións e as entidades relacionadas co seu ámbito.

- Inicio do trámite de información pública e demais procedementos previstos na lexislación vixente.

- Dotación no orzamento da Xunta do ano 2017 dunha partida económica que permita a licitación da obra nesa anualidade

Complementariamente, desenvolveranse as actuacións encamiñadas a mellorar a mobilidade e a seguranza de peóns e ciclistas na estrada PO 225, nomeadamente no treito en San Caetano polo que discorre o camiño portugués”.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 11:32
Nº Rexistro: 1679
Data envío: 28/11/2016 11:32:56.590

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2016 11:17:41

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2016 11:17:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2016 11:17:55

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2016 11:18:05

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2016 11:18:07

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2016 11:18:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2015 un total de 58 persoas morreron en accidente laboral en Galicia, segundo os datos do Ministerio de Emprego. En 2016, entre xaneiro e setembro producíronse en Galicia 52 mortes en accidente laboral. Se en 2015 houbo case cinco falecementos cada mes, ata setembro deste 2016 a media achégase aos seis. En total, nos nove primeiros meses producíronse en Galicia 20.607 accidentes laborais con baixa, 404 deles graves.

En 2015 Galicia tivo 7,41 falecidos por cada 100.000 traballadores, máis do dobre que a media española (3,55) e presenta a peor taxa de todas as comunidades autónomas.

Esta alta taxa de mortalidade laboral contrasta co feito de que en Galicia se producen menos accidentes laborais que no resto do Estado. En 2015 producíronse en Galicia un total de 24.411, o 5% dos rexistrados no conxunto do estado (449.223). Pola contra, as mortes superaron o 10% do total.

A explicación a este elevado número de accidentes laborais graves co resultado de morte reside na maior precariedade laboral existente en Galicia en



relación ao resto do estado: incumprimentos en materia de xornada, de descansos, de utilización de EPIs, etc

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar á Inspección de Traballo a intensificar a labor inspectora en materia de saúde e seguridade no traballo, comprobando o grao de aplicación nos distintos sectores e empresas da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e presentar ante o Parlamento de Galicia un Informe sobre dita labor investigadora.
2. Instar ao goberno do estado a modificar o Título XV da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal ampliando tanto a definición dos delitos como as penas correspondentes.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/11/2016 11:41:25

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 11:41:34



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:32
Nº Rexistro: 1688
Data envío: 28/11/2016 12:32:34.988

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da empresa cloreira ELNOSA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A empresa química Elnosa desenvolve a súa actividade de fabricación de cloro, considerada nociva e perigosa, en terreos de dominio marítimo terrestre situados na parroquia de Lourizán. A concesión foi outorgada o 15 de decembro de 1971 por 50 anos.

2. A secretaría xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galiza, por resolución do 17 de decembro de 2013, actualizou a autorización ambiental integrada a Elnosa para a planta produción de cloro alcalí e derivados en Lourizán. Nesta resolución fixébase o 31 do 12 de 2016 como data de inicio do cesamento da actividade, o 31 do 8 de 2017 como data de cesamento definitivo para a produción de cloro líquido, e o 31 do 10 de 2017 como data de cesamento definitivo para a produción de ácido clohídrico e hipoclorito sódico.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3. En setembro de 2016, a secretaría xeral de avaliación ambiental ampliou a autorización ambiental integrada ata decembro de 2017. O pasado 24 de novembro, a Xunta de Galiza mediante un comunicado de prensa, informaba das negociacións coa empresa ELNOSA para facilitar a súa permanencia en Pontevedra máis alá de 2017. Nestas negociacións ao máis alto nivel participaron en representación do goberno galego o vicepresidente Alfonso Rueda, a consellería de medio ambiente e ordenación do territorio Beatriz Mato, e o conselleiro de economía, emprego e industria Francisco Conde.

4. Segundo a información facilitada pola Xunta en nota de prensa, a empresa Elnosa prevé facer un importante investimento para fabricar cloro-alcalí no actual emprazamento, o cal implica a permanencia en Lourizán desta actividade calificada como nociva e perigosa máis alá de 2017.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar ao Goberno galego a

- Iniciar os trámites para o cesamento da actividade de ELNOSA en Lourizán.

- Desbotar a ampliación da concesión dos terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa na actualidade e informar negativamente ao respecto en caso de que se tramite.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:32
Nº Rexistro: 1688
Data envío: 28/11/2016 12:32:34.988

- Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado para iniciar o proceso de recuperación para uso público dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016

Asdo.: Xosé Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2016 12:22:25

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2016 12:22:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2016 12:22:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:32
Nº Rexistro: 1688
Data envío: 28/11/2016 12:32:34.988

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2016 12:22:40

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2016 12:22:42

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2016 12:22:45



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:51
Nº Rexistro: 1699
Data envío: 28/11/2016 12:51:07.198

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os centros que segregan por sexo.

A Xunta de Galiza renovou e mesmo ampliou o concerto que mantén con centros que segregan o alumnado por sexo. Fíxoo ao abeiro da LOMCE, que legalizou estes concertos en base ao artigo 84.3 no que se di que “en ningún caso a elección da educación diferenciada por sexos poderá implicar para as familias, alumnos e alumnas e centros correspondentes un tratamento menos favorábel, nen unha desvantaxe, á hora de subscribir concertos coas Administracións educativas ou en calquera outro aspecto”.

Desta maneira, a Consellaría de Educación financia centros como Las Acacias, en Vigo, Montespiño en Culleredo e Peñarredonda na Coruña que non só son segregacionistas senón que adscriben o seu modelo educativo á Prelatura do Opus Dei.

Segregar alumnado por aulas contravén o dereito de non discriminación por razón de xénero –toda vez que se establece unha educación diferenciada-- e agrede os principios máis elementais da coeducación como garantía dunha maior xustiza social e igualdade de oportunidades.

Por isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:51
Nº Rexistro: 1699

Data envío: 28/11/2016 12:51:07.198

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a anular de xeito inmediato os concertos educativos cos centros que segregan ao alumnado segundo o sexo.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2016 12:50:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2016 12:50:14

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2016 12:50:18

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2016 12:50:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 12:51
Nº Rexistro: 1699

Data envío: 28/11/2016 12:51:07.198

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2016 12:50:30

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2016 12:50:34

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos deputados e deputadas, **Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O módulo teórico establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial para a Xurisdición do Social é de 850 asuntos ingresados por xulgado e ano.

Na provincia de Lugo, que conta con tres Xulgados do Social, o módulo de entrada foi de 940 asuntos como media no ano 2015. Esta cifra é superior aos equivalentes de Ferrol (880), Ourense (839,25) e Pontevedra (713,50) no mesmo período e inferior aos de Santiago de Compostela (999,67), A Coruña (1231, 40) e Vigo (1026,20), se ben estes tres partidos xudiciais contaron no ano 2015 cun programas de reforzo.

Os datos dispoñibles do primeiro semestre do ano 2016 evidencian idéntica tendencia que os do ano 2015.

A situación de crise económica que vimos atravesando supuxo, entre outras moitas realidades, un elevadísimo incremento dos asuntos que tratan este tipo de xulgados, sendo especialmente grave o retraso que supón a resolución de casos nos que se ven comprometidos os dereitos dos traballadores e traballadoras, máxime cando existe unha notable desproporción de poderes entre as partes.

A dedicación dos profesionais que traballan nos tres xulgados existentes na provincia de Lugo, que está fóra de toda cuestión, non é suficiente para evitar que con data 27 de xuño de 2016 as datas do último día de sinalamento fosen, segundo a información da que dispón este grupo parlamentario, as seguintes:

Xulgado do Social nº 1: 11 de xuño de 2018

Xulgado do Social nº 2: 11 de xaneiro de 2018

Xulgado do Social nº 3: 5 de marzo de 2018

Resulta evidente a competencia da Xunta de Galicia neste asunto, máxime cando participa na Comisión Mixta xunto co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que, entre outros asuntos, determina a distribución na Comunidade Autónoma das ampliacións concedidas polo Ministerio de Xustiza. En palabras do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Galicia “déuselle a oportunidade” (sic) de crear tres novos xulgados e dúas prazas de maxistrado.

Sen cuestionar a necesidade e conveniencia de concretar esa oportunidade nos lugares acordados no órgano competente, cal é a Comisión Mixta á que se fixo referencia, parece oportuno demandar a creación dun novo Xulgado do Social en Lugo e esta demanda será doadamente entendida polo Goberno da Xunta de Galicia dada a intensa frecuencia coa que o Sr. presidente repite que Galicia non pide privilexios dentro do Estado pero tampouco vai a permitir un trato inferior.

Pois ben, mutatis mutandis, pedimos para Lugo o mesmo criterio e por ende o mesmo trato que para o resto da Comunidade Autónoma, resultando relevante poñer de manifesto que provincias moi similares como son Lugo e Ourense, teñen unha manifesta asimetría na dotación da que estamos a falar.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Que se dote á provincia de Lugo dun novo Xulgado do Social.

2º.- Que ata que non se produza dita dotación, se proceda de forma urxente á dotación dun/ha maxistrado/a de reforzo.

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2016

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 28/11/2016 12:59:44

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/11/2016 12:59:55

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/11/2016 13:00:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/11/2016 13:00:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2016 13:00:27

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre 2008 e 2014 (último dato publicado polo INE), o salario medio subiu en Galiza un 5%, dos 19.156 euros aos 20.196.

Sen embargo, os salarios medios que perciben as persoas menores de 35 anos permanecen estancados en niveis previos á crise (16.169 euros en 2008, 16.312 en 2014).

Ademais da conxelación sufrida polas persoas entre 25 e 34 anos, os traballadores e traballadoras entre 45 e 54 anos viron reducido o seu salario medio nun 0,6%, dende os 22.490 euros ata os 22.361.

O 85% das mulleres asalariadas galegas traballan no sector servizos, que é onde menos creceron os salarios nos últimos seis anos, situándose por detrás dos salarios medios no sector da construción e lonxe dos salarios do sector industrial.

Segundo o INE, a explicación de que, dándose unha perda salarial da clase traballadora se produza a subida do salario medio débese a que os postos directivos, profesionais e técnicos/as viron incrementado o seu salario dende 2008 en 2.000 euros; persoal administrativo e auxiliar, operadores/as de



maquinaria e traballadores/as non cualificados/as perderon salario ou mantivéronse igual dende 2008.

Para rematar, o salario medio anual dos traballadores galegos sitúase en 22.505 euros, case cinco mil euros por riba do das mulleres (17.797).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e representación patronal para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e loitar contra a precariedade laboral da mocidade.
2. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.
3. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover que na Negociación Colectiva de ámbito galego se considere obxectivo a acadar en 2020 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.



Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/11/2016 13:15:34

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 13:15:39

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Segundo reflicten os datos oficiais do Ministerio de Emprego, en 2015 un total de 58 persoas faleceron en Galicia por accidente laboral.

En 2016, entre xaneiro e setembro producíronse na nosa comunidade 52 mortes en accidente de traballo. Se en 2015 houbo case cinco falecementos cada mes, ata setembro deste 2016 a media achégase aos seis. En total, nos nove primeiros meses producíronse en Galicia 20.607 accidentes laborais con baixa, 404 deles considerados graves.

Galicia soporta un índice de mortalidade no traballo moi superior ao do conxunto do Estado. Esta realidade contrasta co feito de que na nosa comunidade se producen menos accidentes laborais que no resto do Estado. En 2015 foron un total de 24.411, ao redor do 5 % dos rexistrados no conxunto de España (449.223). Pola contra, as mortes superaron amplamente o 10 % do total (57 de 500). Por sectores, o problema afecta, sobre todo, ao da pesca -con 20 falecidos en 2014-, seguido da industria (10) e a construción (9). O sector servizos, que ocupa a seis de cada dez traballadores e traballadoras, sumou 16 mortes. Iso si, mentres que na industria e na construción o número de mortes se reduciu á metade na última década, isto non sucede no sector pesqueiro e marisqueiro, que mantén as súas cifras. Por sectores, o problema afecta, sobre todo, ao da pesca -con 20 falecidos en 2014-, seguido da industria (10) e a construción (9).

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores. O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de

Grupo Parlamentario

España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte a isto, dende a Xunta de Galicia vén producindo o longo destes derradeiros anos, unha redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a favor da seguridade e saúde no traballo, que pasaron dos 7.383.000 € no ano 2011, aos 5.638.000 € previstos para o 2016, o que supón unha redución de practicamente o 24 %.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral para que se desenvolva coherentemente e de xeito coordinado as políticas en materia de prevención de riscos laborais, co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.
2. Incrementar durante a X Lexislatura o orzamento dedicado á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), como ente independente, técnico e investigador en materia de saúde laboral, mediante a participación dos axentes sociais, ata os niveis do ano 2011.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Dotar e cubrir todas as prazas vacantes da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, tanto no Corpo Superior coma no Corpo de Subinspectores.
2. Ampliar, mediante oferta pública, en número suficiente o número de funcionarios, tanto no Corpo Superior como no Corpo de

Subinspectores, de maneira que poidan desenrolar con eficacia as tarefas que lle corresponden, e especialmente o control das condicións de seguridade laboral que a lei lles encomenda.

3. Desenrolar un plan específico de formación continua para aumentar a súa capacitación na investigación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como para mellorar a detección das novas enfermidades profesionais.
4. Esixir o cumprimento do Plan de Prevención 2016-2020, dando participación no seu cumprimento efectivo nas empresas aos traballadores e traballadoras a través dos delegados e delegadas de prevención.

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/11/2016 16:16:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/11/2016 16:16:46

Julio Torrado Quintela na data 28/11/2016 16:16:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2016 16:16:59

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar da evidente falla de compromiso e apoio, de xeito reiterado, do Goberno galego cos compoñentes da Asociación Long Hope, que están a librar unha durísima batalla co Goberno noruegués para acadar o seu dereito á pensión, logo de que o estado nórdico non lles recoñeza os pagos efectuados a súa facenda durante os anos de traballo da mariña mercante dese país, estes mariñeiros iniciaron un proceso penal na Cortes norueguesas co obxectivo de reclamar xudicialmente o seu dereito. Este proceso, que xa está iniciado e con data para a celebración do xuízo en Noruega o 3, 4, 5 de abril de 2017, pode incluír a personación de calquera persoa ou institución que o considere necesario, feito este que parece razoábel poda facer o Goberno galego.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1- Persoarse na causa iniciada nos tribunais noruegueses por parte da Asociación Long Hope en defensa dos seus dereitos e recibir prestacións do estado nórdico.
- 2- Solicitar ao Goberno do Estado unha xuntanza entre os ministros competentes de España e Noruega para resolver esta cuestión.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e portavoz do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 28/11/2016 17:05:27

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 17:05:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:12
Nº Rexistro: 1721

Data envío: 28/11/2016 17:12:42.352

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á adopción de medidas demandadas polo Pleno da Corporación Municipal de Moaña para preservar o Castro de Montealegre (Domaio).

É unha realidade que a Cultura Castrexa, entendida como conxunto de comportamentos técnicos, sociais, artísticos, económicos e relixiosos que caracterizan unha sociedade humana concreta, supón a etapa da protohistoria do que hoxe é Galiza. Son moitas as manifestacións desta cultura que podemos atopar ao longo do noso territorio e mesmo en zonas do norte de Portugal e oeste de Asturias. Polo que a súa conservación e estudo, debería ser un compromiso das administración para poder avanzar no coñecemento do que hoxe somos.

A comarca do Morrazo conta con varios asentamentos desta cultura, sendo un referente o Castro de Montealegre-Domaio, non só porque foi un dos primeiros escavados e publicados cientificamente en Galiza, senón tamén pola súa tipoloxía, pola súa situación xeográfica, polos seus petróglifos, polos achados e, moi especialmente, pola conservación excepcional dalgún dos restos mobles atopados.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:12
Nº Rexistro: 1721

Data envío: 28/11/2016 17:12:42.352

As novas obras que se están a executar pola Axencia Galega de Infraestruturas no desdoblamento do Corredor do Morrazo, en concreto no subtreito-1, e que afectan de cheo ao Castro, de Montealegre están a xerar un gran descontento entre a veciñanza de Moaña. Unha situación moi similar a das obras de construción do Corredor onde a Administración rexeitou a proposta da corporación local e de diversos colectivos sociais para que o trazado desprazara cara o norte para que non discurrira por debaixo do Castro. Agora, reiteradamente veñen de ser requiridas as correspondentes aclaracións a Axencia Galega de Infraestruturas por parte do goberno municipal de Moaña. E a AXI informa que todas e cada unha das accións que se están a levar a cabo contan co beneplácito e control por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Algo, cando menos sorprendente, xa que as actuacións previstas neste punto implican a construción dun segundo falso-túnel e a desaparición da parte do Castro que supón o acceso ao mesmo pola zona sur.

Para os veciños e veciñas de Moaña resulta intolerable que os criterios do trazado troncen un poboado destas características e con toda a legalidade se poida desbaratar un dos bens de máis valor do noso patrimonio cultural. Dando constancia da súa importancia os numerosos obxectos que se atoparon durante as diferentes escavacións realizadas. Como pobo implicado na protección do noso patrimonio cultural esiximos que as actuacións que se leven a cabo no Castro só deben ir encamiñadas a súa catalogación e conservación e, ademais, deben rematar coa posta en valor do mesmo para o uso gozo dos veciños e veciñas.

Estes foron algúns dos argumentos expostos no Pleno do 25 de novembro de 2016 do concello de Moaña onde se lle solicitaba a Dirección Xeral de Patrimonio:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:12
Nº Rexistro: 1721
Data envío: 28/11/2016 17:12:42.352

Primeiro: que se facilite ao concello de Moaña todos os informes elaborados dende a Dirección Xeral de Patrimonio con respecto ás obras que se están a desenvolver no Castro de Montealegre de Domaio e, especialmente, os condicionantes establecidos para que a Axencia Galega de Infraestruturas poida levar adiante as obras previstas de desdoblamento do Corredor do Morrazo.

Segundo: que se indique que medios de control e supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio, materiais e humanos, se están exercendo sobre a actuación en curso.

Terceiro: que se leve a cabo un estudo profundo do Castro, ampliando ao máximo a zona de análise e escavación, co único fin de catalogar e protexer tan valioso ben.

Cuarto: que se manteña intacta a estrutura das construcións castrexas e que se dote ao complexo dun aula de interpretación do castro.

Quinto: que se aplique o rigor e a esixencia que cabe agardar do organismo que ten por finalidade velar polo mantemento e conservación do noso patrimonio, especialmente cando se trata de protexer un ben cuns valores históricos, artísticos e etnolóxicos tan importantes como os do Castro de Montealegre

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a dar cumprida resposta ao concello de Moaña das demandas aprobadas nesta moción e adoptar as medidas requiridas pola Corporación Municipal.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2016 16:57:45

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2016 16:57:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/11/2016 16:57:56

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2016 16:58:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2016 17:12
Nº Rexistro: 1721
Data envío: 28/11/2016 17:12:42.352

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2016 16:58:05

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2016 16:58:09

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Eva Solla Fernández e Davide Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos da provincia de Ourense non dispoñen, a diferenza do resto das provincias galegas, dun centro público de atención especializada a persoas con diversidade funcional. Deste xeito, as persoas afectadas ou fican na casa familiar ou teñen que recorrer a prazas en residencias xeriátricas ou nos CAPD das outras provincias, o que supón unha falta de atención especializada nuns casos e un trastorno emocional e económico noutros.

A Plataforma ProCAPD Ourense, formada por pais e nais de persoas con diversidade funcional da provincia de Ourense e por diversas organizacións políticas e sociais, leva tempo reivindicando que en Ourense exista un centro de atención a persoas con diversidade funcional, terapéutico e residencial, con prazas de centro de día e de respiro familiar, 100% de xestión pública, comprometéndose por escrito (o 19 de setembro de 2016), antes das eleccións galegas, os partidos maioritarios a levalo a cabo de gobernar a Xunta.

A Xunta de Galicia adxudicou, mediante o procedemento negociado sen publicidade, a redacción do proxecto de CAPD para Mariñamansa, coa seguinte denominación: “centro ocupacional con servizo de atención diúrna e residencial”.

Tras consultar este proxecto, a Plataforma Pro-CAPD non está satisfeita co mesmo, pois, tal como está concibido, non reuniría as condicións solicitadas, pois un centro ocupacional non cubriría as necesidades da maioría de rapaces e rapazas con discapacidade física, parálise cerebral ou dano cerebral. Ademais, no proxecto presentado non se contempla cociña nin lavandería, polo cal se deduce que a xestión destes servizos será indirecta. Por outra parte, o cálculo de prazas residenciais do futuro centro de Ourense non chega ao dispoñíbel noutras provincias, xa que nesta primeira fase se contemplarían 18 prazas residenciais e 30 de centro de día, e na segunda fase 28 residenciais.

Tras o debate sobre a cuestión no Parlamento Galego o 23 de novembro de 2016, a Plataforma Pro-CAPD sigue coas mesmas dúbidas a respecto do proxecto presentado pola Xunta e mantén as demandas de centro público 100%, reclamando que se faga na primeira fase un centro de día cos servizos comúns e logo, nas seguintes fases, a zona residencial, coas prazas suficientes.

Por todo o exposto, e ante a necesidade de que Ourense conte cun centro público de atención especializada a persoas con diversidade funcional, fórmulase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:



1. Facer as xestións oportunas para que a provincia de Ourense conte cun centro de atención a persoas con diversidade funcional, terapéutico e residencial, con prazas de centro de día e de respiro familiar suficientes para a atención integral ás persoas con diversidade funcional.
2. Garantir que o centro sexa de xestión e titularidade pública 100%.
3. Garantir que o centro conte cos servizos terapéuticos necesarios para unha atención especializada de persoas con diversidade funcional.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/11/2016 16:52:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/11/2016 17:23:22

Eva Solla Fernández na data 28/11/2016 17:23:36

David Rodríguez Estévez na data 28/11/2016 17:23:43

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 17:23:52

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, relativa ao tratamento da hepatite C.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. O Ministerio de Sanidade calcula que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Despois das múltiples denuncias (algunhas con procesos xudiciais aínda abertos) tanto de afectados como profesionais solicitando un correcto tratamento da enfermidade, actualmente os casos máis graves están a ser atendidos. Sen embargo, o Plan Estratéxico Nacional para o tratamento da Hepatite C, que contempla varias áreas de traballo, non está a ser totalmente desenrolado, o que sen dúbida supón unha grave deficiencia na procura de solucións integrais da enfermidade.

Unha das áreas de dito plan que non se está levando a cabo é a relativa a poñer en marcha mecanismos de información e prevención tal e como marca o documento.

Nese sentido, existen queixas por parte de colectivos afectados, en relación a que a Xunta non promove un plan de cribado con campañas informativas para que a xente acuda á Atención Primaria, así como a formación especializada aos profesionais de Atención Primaria sobre os itinerarios a seguir.



Tendo en conta que Galicia ten competencias plenas no ámbito sanitario, é responsabilidade da Consellería de Sanidade levar a cabo o desenvolvemento de ditas demandas..

O presidente da Xunta, asegurou fai pouco que se levou a cabo un investimento de 130 millóns de euros neste proceso.

Por todo o anterior, En Marea formula a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facerse cargo do desenvolvemento completo do contido do Plan Estratégico, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado perceptivo.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernandez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/11/2016 19:41:07

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 19:41:16

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Por acordo do Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 14 de abril de 2015, aprobouse por unanimidade a Proposición non de lei 30558, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución dos impostos e taxas cobradas de xeito indebido aos mariñeiros galegos en Noruega.

Como queira que temos coñecemento por parte do colectivo de ex mariñeiros galegos afectados, que o Goberno central no ten iniciado as accións instadas polo Parlamento de Galicia no ano 2015 este grupo propón unha nova proposición non de lei para o seu debate e aprobación, de ser o caso, co seguinte teor:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Se dirixa o Goberno central e lle esixa a inmediata reclamación perante o Goberno noruegués da devolución das taxas irregularmente cobradas aos mariñeiros galegos no país nórdico, desenvolvendo todas as accións necesarias para a sinatura, se procede, dos correspondentes convenios bilaterais.

2º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a personarse na demanda presentada pola Asociación *Long Hope* nos tribunais de Noruega na defensa dos seus intereses e dereitos.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2016



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/11/2016 13:01:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2016 13:01:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/11/2016 13:01:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2016 13:01:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno, relativa á expulsión dun mozo de 19 anos orixinario de Paraguay.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este domingo 27 de novembro fíxose efectiva a expulsión, contraria ao dereito, dun mozo de 19 anos, veciño de Compostela, orixinario de Paraguay e que leva vivindo en Galicia desde que tiña 4 anos e que non cometeu ningún delito, salvo que se considere delito ser tutelado pola Xunta de Galicia. **Este mozo estivo baixo a tutela da Xunta de Galicia durante anos**, tempo suficiente para que a administración autonómica cumprira co seu deber de velar pola integridade deste rapaz e deixara resolta a súa situación administrativa como residente legal no noso país.

Segundo a información remitida polo Foro Galego de Inmigración, colectivo que traballa pola defensa dos dereitos das persoas migrantes e denuncia vulneracións flagrantes dos seus dereitos fundamentais como neste caso, este mozo de orixe paraguaia e sen familia nin persoas achegadas en Paraguay, tras 15 residindo en Galicia, e cunha situación familiar actual do máis preocupante (a súa nai atópase en situación de dependencia e cun irmán ao seu cargo), foi deportado irregularmente polo feito de non ter conseguido un contrato de traballo unha vez cumprida a maioría de idade.



O arraigo social deste mozo tras 15 anos de residencia xunto coa súa familia está máis que demostrado, e a súa residencia legal no noso país é un dereito que podería terse resolto cun simple informe social que acreditara o seu arraigo e evitar así a súa deportación.

A deportación deste rapaz é unha máis das miles de deportacións que no ano pasado se levaron a cabo tanto en voos comerciais como en voos expresamente fletados para esta repugnante práctica.

Polo sinalado, En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

1. O parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta a:

- 1.1. Dar explicacións da abordaxe que no seu momento a **consellería política social** a través do servizo de menores fixo da intervención social con este menor e a súa familia, e sobre todo aclarar por que non se puxeron os medios necesarios para resolver a situación administrativa deste mozo, negligencia que permitiu agora a súa deportación exprés.
- 1.2. Esixir ao goberno do Estado a que faga efectivo o retorno inmediato deste veciño galego de orixe paraguaia que levaba 15 anos residindo en Galicia, varios deles tutelado pola Xunta de Galicia e polo tanto cun demostrado arraigo social.
- 1.3. Reclamar ao goberno do Estado que poña fin ás campañas de deportación de persoas como práctica habitual da súa política migratoria
- 1.4. Demandar ao goberno do Estado que suprima os transportes aéreos ou terrestres que se empregan para deportar persoas migrantes.



- 1.5. Esixir que se rescinda o contrato coa empresa adxudicataria encargada dos voos de deportación.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/11/2016 13:11:04

Luis Villares Naveira na data 29/11/2016 13:11:12

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Como xa expuxo este Grupo Parlamentario na proposición non de lei rexistrada o 10 de maio deste ano (iniciativa que non chegou a ser debatida), no ano 2013 ducias de miles de inmigrantes retornados comezaron a recibir unha comunicación, por parte da Axencia Tributaria, na que se lles informaba da apertura dun expediente relacionado coas pensións que viñan percibindo do estranxeiro, froito da cal se lles reclamaba diversa información e se lles notificaba unha posible sanción derivada de non ter declarado, no seu día, a renda percibida. As notificacións chegaron incluso aos familiares de emigrantes falecidos.

Todos os afectados eran e son persoas maiores, que emigraron ao estranxeiro durante as décadas dos anos 50, 60 e 70. A veces, persoas con escasos coñecementos fiscais, pero moitos deles preocupáronse por aclarar a súa situación ante a administración. Os emigrantes retornados non comprenderon o enorme prexuízo que lles provocaba ter que regularizar os anos non prescritos, posto que nunca houbera pola súa parte vontade de defraudar. Non existiu culpa, nin sequera mera negligencia no cumprimento das súas obrigacións fiscais por canto que, ata entón, a Administración tributaria nunca lles esixiu que tributasen por esas pensións.

Nun primeiro momento, o Ministerio de Facenda fixo caso omiso e ignorouse ao numeroso colectivo afectado, negándose en todo momento a buscar un acordo, anular as sancións e conceder un prazo de tempo razoable aos emigrantes retornados para actualizar as súas declaracións, sen aplicarlles multas nin intereses de demora. Tras un gran esforzo reivindicativo por parte do numeroso colectivo de afectados, a Administración tributaria accedeu a corrixir a súa forma de proceder, anulando as sancións e deixando de aplicar intereses de demora.



Grupo Parlamentario

A pesar desta rectificación, e da apertura dun prazo de regularización de seis meses, durante a primeira metade de 2015 (Lei 26/2014 de modificación do IRPF), non acabou de resolverse o problema, pois a Axencia Tributaria continúa esixíndolles que tributen con carácter retroactivo, polos exercicios non prescritos cando se iniciaron os procedementos (2008 a 2012).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Neste contexto, a regularización da situación tributaria das persoas retornadas teríase que facer de oficio e non a instancias delas, posto que podía e pode suceder que moitas non accederan a este trámite polas súas propias dificultades de mobilidade, idade, recursos, etc. Hai colectivos que continúan solicitando unha ampliación do prazo de regularización e denunciando anomalías na propia regularización, como non recoñecer as sentencias xudiciais que dan a razón aos emigrantes retornados que traballaron en Alemaña e perciben pensións de dito país, nas que se conclúe (o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vense pronunciando de forma reiterada desde 2006 neste sentido) que os pensionistas non deben tributar no Estado español posto que xa tributaran polas súas pensións en Alemaña, de modo que podería considerarse un caso de dobre imposición.

Por outra parte, o feito de que gran parte das persoas afectadas non teñan recoñecidas en España a súas incapacidades prexudica gravemente a súa situación comparativa ante a Facenda Pública, polas exencións das que non gozan. Os emigrantes retornados que perciben pensións públicas do estranxeiro non poden aplicarse directamente a exención na súa declaración do IRPF e vense obrigados a presentar con posterioridade unha solicitude de rectificación da súa autoliquidación.

Para resolver estas solicitudes, a Axencia Tributaria require ao INSS un informe pericial sobre a correspondencia do grao de incapacidade laboral causa da prestación económica, para ver si é unha invalidez total con dereito a exención. En caso positivo resólvese a rectificación da declaración coa devolución e pago de intereses de demora. Non obstante, este trámite vén desenvolvéndose de forma especialmente lenta, co conseguinte prexuízo para os emigrantes retornados.

Recentemente, varios colectivos de emigrantes retornados puxeron de manifesto que a Axencia Tributaria vén de remitirles novamente requirimentos tributarios con aviso de sanción polos exercicios non prescritos.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande novamente do Goberno de España a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º) Establecer un tratamento fiscal específico para as pensións públicas no estranxeiro, cuxos beneficiarios son os españois retornados, que permita a aplicación directa por parte da administración das figuras tributarias que correspondan a cada situación e que eviten a necesidade de regularizacións posteriores.

2º) Que se proceda á devolución dos importes cobrados indebidamente aos pensionistas emigrantes retornados de Alemaña en atención ás sentencias xudiciais ditadas a tales efectos. A AEAT debe asumir con carácter xeral as sentenzas dos tribunais superiores de Xustiza que dan como exentas as rendas procedentes dos organismos de pensións alemáns, respectando os convenios bilaterais e procedendo á devolución de oficio das cantidades recadadas por este concepto.

3º). Establecer os medios necesarios para que como calquera contribuínte, o pensionista emigrante retornado reciba o seu borrador da declaración de Facenda con todos os ingresos a declarar.

4º) Establecer un procedemento de homologación das pensións públicas do estranxeiro para posibilitar que se poida aplicar a exención directamente na declaración do IRPF e evitar os recursos que se ven obrigados a formular na actualidade os emigrantes retornados con pensións públicas doutros países.

5º) Que devolva de oficio as sancións e recargas aplicadas inxustamente que non foron reclamadas polos retornados.

6º) Que non apliquen as sancións nin recargas a posteriores requirimentos unha vez finalizado o proceso de regularización, dado que o Ministerio de Facenda



Grupo Parlamentario

non puxo a disposición dos emigrantes retornados todos os medios necesarios para levar a cabo o dito proceso de regularización.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2016

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/11/2016 12:44:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/11/2016 12:44:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/11/2016 12:44:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2016 12:44:50

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento en **Pleno**, referida á situación das persoas estranxeiras en Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días soubemos do caso dun mozo que levaba vivindo 14 anos en Compostela, 14 de 19, é dicir, case toda a súa vida, e que por culpa da aplicación brutal e inxusta da lei de estranxeiría foi detido e expulsado ó Paraguai. A razón: unha vez perdida a súa condición de menor tutelado non conseguiu (como tantas outras persoas) unha oferta de traballo para poder regularizar a súa situación.

O resultado é un mozo que se atopa nun país no que non ten vínculo familiar algún dende que a súa familia emigrara a España e no que só viviu os catro primeiros anos da súa vida. Como el, a súa familia reside en Compostela, cidade na que xa naceu o seu irmán.

O proceso de expulsión aberto foi convertido nunha resolución firme para executar de xeito inmediato, que de haber vontade, se podería ter evitado coa posibilidade, pola vía de arraigo social, de arranxar a súa situación legal en España.

O caso deste mozo que non só alerta da inhumana política migratoria que impera nos países europeos, senón das deficiencias do sistema de protección social, toda vez que na súa situación se mesturan problemáticas de migración e de exclusión social ante a falta de traballo e os problemas socioeconómicos



graves da súa familia.

En Marea reivindicamos a necesidade de mudar radicalmente a política migratoria así como abolir a lexislación de estranxeiría que ten claros acenos racistas, atenta contra os principios democráticos elementais e os Dereitos Humanos, toda vez que liga a posesión de documentación administrativa ó respecto dos dereitos. Así, atopámonos con que unha mera falta administrativa (non ter documentación en regra) sálvase coa expulsión do país ou a privación de liberdade nos CIEs, en definitiva, deportación e/ou cárcere.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a

1. Cesar a persecución policial por motivos étnicos que dá lugar á identificación de persoas indocumentadas para a súa expulsión.
2. Elaborar un plan de atención específico que garanta os dereitos das persoas migrantes, refuxiadas e asiladas para promover a súa autonomía, a través de alugueres de vivendas, mediación lingüística, acceso ó sistema sanitario, educativo, social, etc. Aportando os recursos necesarios tanto sanitarios, de reforzo escolar, de educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, de xeito que se combata realmente a súa exclusión social reducindo os atrancos burocráticos que moitas veces atopan.
3. Derrogar a Orde do 10 de novembro de 2015 “pola que se regula o procedemento para a emisión do informe sobre o esforzo de integración da persoa estranxeira no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia”, establecendo, en cooperación cos axentes sociais implicados e coas restantes administracións públicas, un regulamento unificado e claro



- sobre os procedementos a cumprimentar e os trámites que sexan precisos na integración e convivencia das persoas estranxeiras.
4. Restituír o dereito de acceso á asistencia sanitaria universal de todas as persoas ás que lle foi vulnerado ese dereito, cesando de aplicar o RD 16/2012 se eito inmediato en Galicia.
 5. Instar ao Goberno do Estado á derogación do RD 16/2012, que supón a exclusión sanitaria para milleiros de persoas (e que afecta especialmente a persoas migrantes tanto en situación de irregularidade administrativa como non).
 6. Instar ao Goberno do Estado a que inicie un proceso que conduza ó peche de todos os CIE existentes no estado que demostraron durante anos non conseguir os seus obxectivos institucionais e non respectar de maneira significativa os dereitos humanos.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 29/11/2016 17:08:17

Luis Villares Naveira na data 29/11/2016 17:08:26

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria supón un elemento fundamental no sistema asistencial por ser o primeiro contacto da persoa paciente co propio sistema. Desta maneira, as accións levadas a cabo neste punto da rede de atención determinarán moitas das situacións existentes posteriormente en todo o tratamento dos e das pacientes, así como na estrutura xeral de funcionamento do sistema.

As labores das persoas profesionais de Atención Primaria están delimitadas no propio sistema, e por tanto estes deben axustarse ás súas propias posibilidades. En Atención Primaria, as posibilidades diagnósticas dos médicos e das médicas están limitadas polas probas que poden aplicar aos doentes e as doentes. En outubro de 2016, habilitouse a posibilidade de solicitar probas de densitometría e outras para a diagnose da osteoporose. Aínda que cuestións como esta supoñen algún avance, seguen a ser mínimos e excepcionais.

O nivel da formación dos profesionais do Sergas, así como o funcionamento habitual do sistema, permite abrir a posibilidade de incrementar as opcións dispoñibles para ser solicitadas e avaliadas algunhas probas de carácter diagnóstico que contribuirían a mellorar a calidade da decisión do médico e do conxunto do proceso asistencial. Esta modificación produciría un avance tanto para as persoas usuarias como para o propio sistema. Os e as usuarias evitarían desprazamento a centros hospitalarios, que en moitas ocasións supón unha dificultade no desprazamento en si; por outra banda, evitaríanse citas médicas con especialistas que, en primeira instancia, redúcense á solicitude de probas diagnósticas que poderían ser solicitadas dende Atención Primaria. Esta

redución de citas redunda na redución de listas de espera, e suprime a fase intermedia de espera entre primaria e especialista.

Asumindo que a aplicación e interpretación de resultados en probas complexas e especializadas debe corresponder aos e ás especialistas de cada área, o avance na simplificación de procedementos e a formación dos médicos e médicas de Atención Primaria permite formular a necesidade de ampliar as posibilidades que o propio sistema lles abre. Neste sentido, é preciso posuír un catálogo de probas diagnósticas que regule as posibilidades dos médicos e médicas en primaria. A revisión do Plan de prioridades sanitarias 2014-2016 indicaba xa, no capítulo denominado *Accións de mellora sobre a área relacionada cos dereitos sanitarios dos usuarios e coa calidade de procesos asistenciais*, indícase como “oportunidade de mellora a elaboración dun catálogo de probas e criterios de definición dende atención primaria”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Ampliar as posibilidades de solicitude de probas diagnósticas para os e as médicas de Atención Primaria.
2. Desenvolver e finalizar durante o ano 2017 un catálogo de probas diagnósticas axeitado á capacitación dos médicos e médicas de Atención Primaria e ás posibilidades do sistema sanitario público de Galicia.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/11/2016 17:30:39

Noela Blanco Rodríguez na data 29/11/2016 17:30:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2016 17:30:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección. Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, se responsabilizan do coidado destes nenos e nenas e lles ofrecen o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección. A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos e das menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor se desenvolva nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes

Grupo Parlamentario

menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especificase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

O acollemento a menores en Galicia por familias que non gardan relación co menor é actualmente o 45 % do total dos diferentes tipos de acollemento.

Un ou unha menor nun residencial custa á administración 1300 € a 1800 € ao mes use ou non o servizo. Hai menores de 0-6 anos nestes residenciais, habendo lista de espera de familias acolledoras.

Asdo. Marcos Cal Ogando

Asdo. Juan José Merlo Lorenzo

Asdo. Paula Quinteiro Araújo

GP. de En Marea

Asdo. Carmen Santos Queiruga

Voceira S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/11/2016 18:30:07

Carmen Santos Queiruga na data 29/11/2016 18:30:15

Marcos Cal Ogando na data 29/11/2016 18:30:23



Paula Quinteiro Araújo na data 29/11/2016 18:30:33

Juan José Merlo Lorenzo na data 29/11/2016 18:30:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 10:14
Nº Rexistro: 1814
Data envío: 30/11/2016 10:14:43.626

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a un novo acordo de financiamento galego baseado na capacidade plena de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de novembro o Presidente do goberno do Estado, Mariano Rajoy, anunciou que antes de rematar o presente ano convocará unha Conferencia de Presidentes onde se tratará o establecemento dun novo sistema de financiamento autonómico. Cómpre recordar que o actual sistema de financiamento xa tiña que ser revisado en 2014 e trátase dun sistema que amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise.

Desde o BNG cremos necesario mudar a lóxica do actual modelo, onde recibimos o que se acorda desde Madrid, sen capacidade ningunha para ter unha política fiscal propia. A Xunta de Galiza ten a competencia en sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Pero en cambio, soportamos un sistema de financiamento baseado en transferencias e cesión de impostos no que Galiza apenas ten nada que dicir na xestión dos impostos que se pagan aquí.

O vixente modelo de financiamento das comunidades autónomas basease na concepción dun Estado centralizado que exerce o control sobre os ingresos, sobre os



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 10:14
Nº Rexistro: 1814
Data envío: 30/11/2016 10:14:43.626

impostos recadados que no noso caso pagan as galegas e galegos, para seren logo distribuídos, en base a criterios centralistas.

Galiza pasou a xestionar, a través dun proceso de descentralización da titularidade e xestión os servizos públicos básicos e prioritarios directamente vinculados ao benestar das persoas, como a sanidade, a educación ou os servizos sociais que precisan para o seu funcionamento e mellora constante un importante volume do gasto público. Malia esa importante responsabilidade, a competencia sobre os ingresos públicos precisos para financiarlos mantívose ferreamente centralizada, dado que administración central do Estado controla de xeito absoluto os ingresos recadados, sobre todo os seus aspectos fulcrais como son a capacidade normativa e recadatoria, e onde ademais se reserva a capacidade para repartilos ás comunidades autónomas. Iso responde ademais a unha concepción afastada da realidade económica, como se os ingresos públicos se xerasen no quilómetro cero da capital e partir de aí se distribuían por todo o territorio.

O proceso lóxico e consecuente coa descentralización competencial debería configurarse arredor do principio polo cal a quen lle compete manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ostente a política fiscal, que en primeira instancia teña a recadación e control tributario para atender os servizos que a maioría considera básicos. Con iso, estaríamos a trasladar e aplicar realmente unha estrutura de xestión do gasto público propia de Estados que si teñen unha descentralización política real, de competencias e de recursos financeiros para exercelas ao mesmo, que aplican o principio onde “o responsábel de decidir gastar máis ou menos diñeiro na provisión dun servizo é tamén responsábel para decidir subir máis ou menos os impostos” (*accountability*). Unha formulación simple, a propia de estados realmente federais, que establece unha relación directa entre quen e onde se pagan os impostos (o nivel de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 10:14
Nº Rexistro: 1814
Data envío: 30/11/2016 10:14:43.626

ingreso) e os servizos e políticas públicas onde se aplican ditos recursos fiscais (o nivel de gasto).

Con iso asegurárase ademais, que haxa unha correspondencia entre o pago de tributos e os servizos recibidos a cambio, onde as propias persoas obrigadas á imposición fiscal poden identificar máis claramente o custe-beneficio do gasto público. No actual sistema de financiamento esta análise antóllase imposible, pois a centralización absoluta dos ingresos tributarios e os complexos sistemas de transferencias articuladas impiden facer visíbel esa ecuación de forma intelixíbel para a maioría das persoas. Iso aínda se agrava máis pola opacidade coa que o Estado actúa á hora de divulgar o custe real dos servizos centrais que non teñen unha repercusión para alén da administración central. E logo revístese todo ese complexo sistema coa denominada “solidariedade interterritorial”, que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Porén, ao longo das décadas de modelo autonómico, nunca se admitiu que de xeito parello á descentralización administrativa, alén de transferir unha parte minoritaria de ingresos públicos, ou mesmo compartir a recadación dunha parte residual, se partillase a potestade de controlar os ingresos entre Estado e Galiza, tanto a nivel de regulación (modelo de política fiscal) como de recadación, tanto contar co financiamento preciso para manter e mellorar os servizos públicos básicos como para distribuílos como mellor consideraran os gobernos galegos. É dicir, que puideran exercer sequera a execución nos servizos transferidos de xeito pleno, contando coa capacidade necesaria para financiarlos, gozando da autonomía financeira que predica a propia norma constitucional.

A resultante é un modelo en vigor totalmente irracional, xa que o Estado, que ten competencias que non son as prioritarias para a cidadanía, como a defensa, a burocracia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 10:14
Nº Rexistro: 1814
Data envío: 30/11/2016 10:14:43.626

do Estado, a Casa Real ou as infraestruturas xerais, controla a política fiscal. Cómpre darlle a volta para ligar a competencia fiscal, a recadación e política tributaria, a través dunha facenda galega, con quen exerce as políticas sociais, e superar a situación onde sexa Madrid quen controla os nosos impostos para así asegurar as políticas que interesan a Bruxelas e ás elites económicas e políticas radicadas na capital, tais como o control déficit, o pago da débeda prioritario, o rescate da banca, e agora rescate das autoestradas radiais madrileñas.

Avogamos, polo tanto, por superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, para determinar desde Galiza as prioridades, por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada a do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin o deseño dunha política económica propia de políticas acaídas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social senón podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.

Con esta capacidade fiscal e financeira plena teríamos máis recursos. Simplemente nos remitimos ás liquidacións tributarias, aos datos de recadación tributaria en Galiza, ás remesas do sistema de financiamento, e sobre todo ás persistentes necesidades que teñen os servizos públicos esenciais que ten que atender o sector público galego que se ve abocado a minguar a calidade, a reducir prestacións, a recortar en programas sociais e educativos, mentres asistimos perplexos como –tamén cos impostos recadados en Galiza- se prioriza desde o Goberno central rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento dos programas de defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/11/2016 10:14

Nº Rexistro: 1814

Data envío: 30/11/2016 10:14:43.626

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos. As galegas e galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado, do que o Goberno central logo transfire para o noso financiamento.

En base a estes principios, formulamos esta proposta para un novo acordo de financiamento galego, baseado na transparencia, na autorresponsabilidade, na asimetría explícita no propio texto constitucional e confirmada por unha realidade indiscutida e na crenza nas propias capacidades do país.

Por todo isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a defender na vindeira Conferencia de Presidentes un novo acordo de financiamento para Galiza que contemple os seguintes elementos:

1) Un carácter asimétrico que diferencie as necesidades de financiamento propias da nosa nación das doutras comunidades sen definición nacional.

2) A atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo. A concreción disto suporá:

a. Unha territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar ao goberno galego dun elemento esencial de autogoberno, a política fiscal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

b. Un cambio normativo que propicie a efectiva tributación en Galiza de todas as manifestacións de capacidade económica xeradas por actividades desenvolvidas no noso país.

c. A creación dunha Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para:

- i) A organización e exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsábel, de todos os tributos soportados en Galiza.
- ii) A colaboración e cooperación con outras administracións locais, estatais e comunitarias, especialmente na loita contra a fraude fiscal.
- iii) A transferencia dos recursos necesarios ao Estado polos servizos efectivamente prestados na Galiza.
- iv) A transferencia aos concellos galegos dos recursos necesarios polas competencias e servizos que desenvolvan, en base a un modelo propio de financiamento local.

3) A asunción plena desde Galiza do financiamento local, fixando as transferencias necesarias para os concellos atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.

4) O establecemento dunha achega desde Galiza ao Estado en concepto do custe das competencias e dos servizos común prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos. De dita achega serán descontados, no seu caso, os beneficios fiscais que se outorgaran polo Estado a confesións relixiosas en virtude de acordos internacionais que teñan aplicación en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5) A creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que serva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.”

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2016 10:11:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/11/2016 10:11:56

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2016 10:12:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 10:14
Nº Rexistro: 1814

Data envío: 30/11/2016 10:14:43.626

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2016 10:12:02

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2016 10:12:07

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2016 10:12:12

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os emigrantes retornados son un colectivo que vén presentando moitas reivindicacións nos últimos anos relacionadas, principalmente, co tratamento recibido por parte do Ministerio de Facenda do Goberno de España e a reclamación desproporcionada de tributación. Ademais de estas problemáticas, este colectivo vese afectado tamén polo tratamento recibido en outros eidos dos servizos públicos, como pode ser o acceso a residencias no caso das persoas de maior idade necesitadas, ou a tramitación de axudas vinculadas á Lei de dependencia.

Un problema engadido para este colectivo supón o acceso ao sistema de saúde público. A Lei 14/1986, General de Sanidad consagrou un sistema de saúde público e universal. A modificación do Real decreto 16/2012 promovido de urxencia evitando o debate parlamentario baixo a argumentación da situación de crise económica, modificou de maneira profunda esa concepción apoiándose nas ideas de “asegurado” e “beneficiario” do sistema de saúde. A figura de “asegurado”, consagrada no devandito decreto, confronta coa idea de sanidade universal e, neste caso, ten como prexudicados aos emigrantes retornados (entre outros colectivos como os inmigrantes, que son máis duramente castigados polo decreto polo feito de selo).

A Xunta de Galicia desenvolveu, ante a situación de presión social, un Programa galego de protección social da saúde pública, pretendendo amosar a imaxe de tentar solapar as carencias provocadas no sistema. En primeiro lugar, a elaboración deste programa amosa o recoñecemento implícito dun problema de desasistencia provocado polo Real decreto 16/2012. Ademais este programa, lonxe de cubrir os problemas que o decreto xerou, presenta problemas na súa formulación. A formulación do programa se orienta a

Grupo Parlamentario

situacións moi específicas, de condicións difíciles a nivel socioeconómico e con requisitos de acceso que implican o empadramento previo durante 6 meses, non sendo un programa que dea saída aos problemas relacionados cos emigrantes retornados.

A pesares de todo isto, seguen a existir problemas de acceso á sanidade por parte de emigrantes retornados, que continúan a destapar problemas asistenciais e as reclamacións de cobro que o Sergas está a facer para garantir o seu dereito asistencial, fundamentalmente baseados no feito de non ter un traballo polo que estar cotizando á Seguridade Social. Este colectivo atópase, por tanto, nunha situación de indefensión a efectos de atención sanitaria, pois moitos deles non están sendo atendidos por non poder cubrir o criterio de ser “asegurados”.

Este escenario constitúe unha situación de indefensión ante sanidade pública, e un incumprimento do principio de universalidade do sistema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Estado a derrogar o Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde.
- B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer os recursos e normativas necesarias na Comunidade Autónoma de Galicia para suplir estas carencias e garantir a universalidade real do Servizo Público Galego de Saúde.

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/11/2016 11:31:56

Noela Blanco Rodríguez na data 30/11/2016 11:32:03

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/11/2016 11:32:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/11/2016 11:32:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/11/2016 11:32:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/11/2016 11:32:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 12:50
Nº Rexistro: 1835

Data envío: 30/11/2016 12:50:23.451

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do Goberno galego dos incumprimentos dos anuncios de construción naval por parte da petroleira mexicana Pemex en Barreras así como as medidas para o futuro do sector.

Novamente, a suposta recuperación do sector naval que tiña anunciado o goberno da Xunta vinculada a Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse o resultado das promesas incumpridas do Goberno galego e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo. Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex remóntase inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

Así mesmo, é tamén salientábel a diferenza entre os postos de traballo prometidos, chegando a asegurar 3000 postos de traballo para 30 meses entre Navantia e Barreras que finalmente ficaron en arredor de 600 empregos en Vigo que se suman a unhas 500 persoas empregadas no caso de Ferrol. En suma, isto tradúcese nun desfase de arredor de 2.000 empregos menos dos reiteradamente anunciados por Feijóo.

Doutra banda, para alén das promesas sen cumprir, a empresa PEMEX recoñecía publicamente en maio de 2013 nos medios de comunicación que o seu obxectivo era transferir o coñecemento tecnolóxico de Barreras a México. Isto, xunto coa posibilidade de traspaso do sector a mans chinas, da que xa ten habido propostas, auguran un futuro máis ben incerto para un sector industrial que, a xuízo das e dos nacionalistas, podería e debería ser estratéxico para o país.

Por todo isto, o grupo parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego acorda como resolución pedir a comparecencia do Presidente da Xunta para explicar os incumprimentos dos anuncios de construción naval.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 12:50
Nº Rexistro: 1835

Data envío: 30/11/2016 12:50:23.451

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a elaborar un informe sobre o grao de incumprimento dos anuncios de construción naval e as súas repercusións no tecido económico e social galego e na proxección de futuro do sector.”

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2016 12:43:06

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2016 12:43:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/11/2016 12:43:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 12:50
Nº Rexistro: 1835
Data envío: 30/11/2016 12:50:23.451

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2016 12:43:22

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2016 12:43:25

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2016 12:43:30

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O ano 2016 está supondo un fito histórico para o turismo en Galicia. O Camiño acaba de superar o récord de peregrinos que chegaron no Ano Xacobeo 2010. Os estranxeiros que visitan as cidades galegas multiplicáronse e a ocupación hoteleira nos enclaves máis solicitados rozou o 100% durante o verán.

Nos últimos anos contabilizáronse incrementos positivos consecutivos tanto na cifra de viaxeiros aloxados como no número de pernoitas acadándose, cada vez que saen os datos, récords históricos no segmento do mercado internacional. E si falamos do mercado nacional estamos na cifra máis alta dos últimos 6 anos.

Esta cifras positivas do turismo en Galicia están directamente relacionadas cas políticas levadas a cabo polo Goberno do Presidente Feijóo. Políticas encamiñadas a reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo e adaptado aos cambios do mercado.

Ao longo desta lexislatura compre dar continuidade as estratexias levadas a cabo ata o momento que buscan a desestacionalización para garantir a actividade turística estable os 365 días do ano.

Unha das medidas para acadar este ambicioso obxectivo e a diversificación e a potenciación dos atractivos turísticos de Galicia.

Sen ningunha dúbida, un dos nosos atractivos turísticos atópase nas nosas vilas e cidades e nos nosos cascos históricos, por iso compre desenvolver este tipo de turismo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver o turismo urbano e de cascos históricos implantando a Tarxeta do Turista, ca que se poda acceder a un amplo catálogo de servizos: utilizar o transporte público todas as veces que se queira, entrar en museos, ir a espectáculos ou ir de compras con descontos”.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 12:54:10

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/11/2016 12:54:23

Raquel Arias Rodríguez na data 30/11/2016 12:54:36

Teresa Egerique Mosquera na data 30/11/2016 12:54:44

Marta Novoa Iglesias na data 30/11/2016 12:54:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/11/2016 12:55:04

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Manuel Fernández Gil, José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez e Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O pasado 23 de xuño, o pobo do Reino Unido foi chamado ás urnas en referéndum para optar entre a permanencia ou a saída da Unión Europea. Cun 51,89% dos sufraxios, a opción da saída (o chamado 'Brexit') resultou vencedora, desembocando na dimisión do primeiro ministro Cameron, substituído por Theresa May, que xa ten reafirmado o seu compromiso co resultado da consulta e mesmo nomeado un responsable para a negociación do 'Brexit' no seu goberno.

Avecíñanse, por tanto, anos de intensa negociación entre as autoridades británicas e as da Unión Europea para negociar os termos da saída da Unión Europea. Non obstante, a incerteza provocada polas perspectivas de futuro está xa a ter o seu impacto na economía internacional.

O propio crecemento da economía galega está condicionado globalmente polo efecto económico desta ruptura da UE pero tamén a un nivel máis concreto distintos sectores produtivos poden sufrir consecuencias máis directas tanto negativas como positivas: as industrias exportadoras como o téxtil ou a automoción poden enfrontar novos aranceis, a flota pesqueira podería acceder a novos caladoiros, etc..

Para poñer algo de luz nesta escuridade do desenvolvemento futuro dos acontecementos e da afección a Galicia, sería conveniente que a Xunta de Galicia, a través de todos os seus órganos con proxección e actividade no eido europeo, elaborase un diagnóstico das oportunidades e ameazas derivadas da saída do Reino Unido da Unión Europea que contemplase asemade os distintos escenarios temporais e de ritmos de aplicación da normativa da Unión Europea. Esta información sería de

enorme utilidade non só para os propios sectores afectados senón tamén para deseñar as prioridades negociadoras do goberno galego en Bruxelas nos vindeiros anos.

O goberno galego conta cun órgano idóneo para escoitar as inquedanzas dos sectores e para recibir información de axentes sociais especialmente informados. Este órgano é o Consello de Acción Exterior de Galicia (CAEX), no que están presentes representantes sindicais, patronais, municipais ou universitarios, ademais de expertos e de responsables dos distintos organismos da Xunta con vocación exterior (dende as propias relacións exteriores ata emigración, promoción económica, cultura ou turismo).

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que elabore, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, un informe sobre os posibles impactos do ‘Brexit’ na economía galega e nos seus sectores produtivos”.

Santiago de Compostela 30 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 13:27:25

César Manuel Fernández Gil na data 30/11/2016 13:27:37

José González Vázquez na data 30/11/2016 13:27:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 30/11/2016 13:28:02

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2016 13:28:32

Alberto Pazos Couñago na data 30/11/2016 13:28:38

Paula Prado Del Río na data 30/11/2016 13:28:55

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/11/2016 13:29:11

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/11/2016 13:29:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/11/2016 13:29:35

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativas dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno**, **Encarna Amigo Díaz**, **Marta Rodríguez Arias**, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez** e **Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O 061 atende cada ano en Galicia arredor de 780 incidentes por morte súbita ocorridos fóra do hospital. Nestes casos, a probabilidade de supervivencia en persoas que foron reanimadas con masaxe cardíaca se duplica fronte a aqueles aos que non se lles aplicaron técnicas de reanimación cardiopulmonar.

Recentemente, temos coñecido polos medios de comunicación da posta en marcha en Santiago de Compostela do proxecto piloto do Programa Acude e Axuda do Servizo Galego de Saúde, a través da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia- 061. Ata o de agora, a aparición dunha persoa con formación en reanimación cardiopulmonar no lugar do evento antes da chegada dos medios sanitarios era unicamente fortuíta.

Considerando que nunha parada cardiorrespiratoria a actuación precoz e con medios axeitados condiciona o pronóstico en canto á recuperación da vida e a minimización

das posibles secuelas, e que este programa ten unha gran potencialidade para reducir os tempos para o inicio das manobras de Reanimación Cardiopulmonar, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que, no caso de que a avaliación dos resultados do proxecto piloto acrediten a efectividade do Programa Acude e Axuda, proceda a extendelo progresivamente ao conxunto do territorio da nosa Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 14:00:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2016 14:01:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/11/2016 14:01:07

Marta Rodríguez Arias na data 30/11/2016 14:01:13

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/11/2016 14:01:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/11/2016 14:01:48

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e por iniciativa das súas deputadas e deputados Eva Solla Fernández, Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, en Comisión, relacionada coa necesidade dunha OPE extraordinaria no SERGAS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, colectivos en defensa da sanidade pública, partidos políticos e sindicatos teñen advertido da negativa repercusión que a amortización de prazos no SERGAS e o abuso de contratos temporais tiñan para a calidade asistencial.

Non só perdemos en torno a 1.800 profesionais nas dúas últimas Lexislaturas, se non que a precariedade se ten instalado entre as fileiras dos servizos sanitarios.

Contratos que a duras penas duran unha semana, un día ou mesmo unhas horas da xornada laboral. Chamadas sen antelación a persoal non pertencente ás listaxes *pool*. Postos habitualmente cubertos con contratos temporais.



Pero ademais, unha elevada existencia de interinidades que, inexplicablemente, non teñen causado a convocatoria pública destas prazas vacantes.

Este feito, non só imposibilita a estabilidade no emprego e a mellora conseguinte da calidade asistencial sanitaria, se non que ten sido protagonista dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que fallou en contra da concatenación contractual practicada no SERGAS noutros servizos sanitarios de España.

A reclamación da recuperación de prazas amortizadas na nosa sanidade pública non é incompatible coa solicitude de que tamén as prazas vacantes poidan ser ofertadas.

Entendemos que sendo obvia a necesidade de recuperar os pranteis destruídos, resulta aínda máis necesaria a oferta das prazas que cubertas de xeito precario para rematar cunha situación non só inxusta dende o punto de vista laboral, se non que afecta directamente á asistencia prestada.

Por todos estes feitos, **En Marea** presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de galego insta á Xunta de Galicia a convocar unha Oferta Pública de Emprego extraordinaria para ofertar as prazas ocupadas por persoal interino.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/10/2016 12:23:38

Paula Vázquez Verao na data 25/10/2016 12:23:46

Luis Villares Naveira na data 25/10/2016 12:23:51

José Manuel Lago Peñas na data 25/10/2016 12:23:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/10/2016 12:24:06

Juan José Merlo Lorenzo na data 25/10/2016 12:24:12

Carmen Santos Queiruga na data 25/10/2016 12:24:15

Antón Sánchez García na data 25/10/2016 12:24:18

Luca Chao Pérez na data 25/10/2016 12:24:21

Paula Quinteiro Araújo na data 25/10/2016 12:24:24

Magdalena Barahona Martín na data 25/10/2016 12:24:28

Francisco Casal Vidal na data 25/10/2016 12:24:31

David Rodríguez Estévez na data 25/10/2016 12:24:34

Marcos Cal Ogando na data 25/10/2016 12:24:37

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 1.^a.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar da evidente falla de compromiso e apoio, de xeito reiterado, do Goberno galego cos compoñentes da Asociación Long Hope, que están a librar unha durísima batalla co Goberno noruegués para acadar o seu dereito á pensión, logo de que o estado nórdico non lles recoñeza os pagos efectuados a súa facenda durante os anos de traballo da mariña mercante dese país, estes mariñeiros iniciaron un proceso penal na Cortes norueguesas co obxectivo de reclamar xudicialmente o seu dereito. Este proceso, que xa está iniciado e con data para a celebración do xuízo en Noruega o 3, 4, 5 de abril de 2017, pode incluír a personación de calquera persoa ou institución que o considere necesario, feito este que parece razoábel poda facer o Goberno galego.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1- Persoarse na causa iniciada nos tribunais noruegueses por parte da Asociación Long Hope en defensa dos seus dereitos e recibir prestacións do estado nórdico.
- 2- Solicitar ao Goberno do Estado unha xuntanza entre os ministros competentes de España e Noruega para resolver esta cuestión.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e portavoz do GP de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 24/11/2016 18:19:59

Luis Villares Naveira na data 24/11/2016 18:20:04

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que resultados pretende obter para Galicia na revisión do modelo financiamento autonómico?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/12/2016 09:52:29



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Despois de fiascos como Pemex, o eólico, ou a súa renuncia á transferencia da AP-9..., considera que temos razóns para confiar na súa palabra cando fala de acordos de país?”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2016 16:55:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que explicación pode dar á decisión de PEMEX de abandonar o proxecto no Porto Exterior?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/12/2016 17:31:07



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do Goberno galego dos incumprimentos dos anuncios de construción naval por parte da petroleira mexicana Pemex en Barreras, así como as medidas para o futuro do sector.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar a valoración por parte do Goberno diante dun novo incumprimento por parte de Pemex coñecido pola prensa durante a última semana de novembro.

Novamente, a suposta recuperación do sector naval que tiña anunciado o Goberno da Xunta vinculada a Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo. Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicada Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

Así mesmo, é tamén salientábel a diferenza entre os postos de traballo prometidos, chegando a asegurar 3.000 postos de traballo para 30 meses entre Navantia e Barreas que finalmente ficaron en arredor de 600 empregos en Vigo que se suman a unhas 500 persoas empregadas no caso de Ferrol. En suma, isto tradúcese nun desfase de arredor de 2.000 empregos menos dos reiteradamente anunciados por Feijóo.

Doutra banda, para alén das promesas sen cumprir, a empresa Pemex recoñecía publicamente en maio de 2013 nos medios de comunicación que o seu obxectivo era transferir o coñecemento tecnolóxico de Barreras a México. Isto, xunto coa posibilidade de traspaso do sector a mans chinas, da que xa ten habido propostas, auguran un futuro máis ben incerto para un sector industrial que, a xuízo das e dos nacionalistas, podería e debería ser estratéxico para o país.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

Que valoración fai o Goberno galego do incumprimento das promesas anunciadas por parte deste xunto coa empresa en crise económica Pemex canto a carga de traballo así como das consecuencias que poden ter para o naval galego?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2016 11:47:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Jose Manuel Lago Peñas, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos datos de perda de persoas empregadas segundo os segmentos de idade.

Xustificación da Urxencia.

O dramatismo das cifras de desemprego, demostran a necesidade de estudar e actuar sobre o que é de feito un dos meirandes problemas do país, tanto os datos de paro rexistrados coñecidos no día de hoxe, como a publicación recente das estatísticas oficiais de poboación ocupada por segmentos de idade amosan ademais que no mercado de traballo teñen cada vez menos peso as persoas menores de 35 anos.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta oral urxente en Pleno**:

É consciente o Goberno galego do deterioro na distribución do emprego por idades do país

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/12/2016 18:11:19

José Manuel Lago Peñas na data 05/12/2016 18:11:26

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727